


As orixes da tradición

Os romanos celebraban a mediados de decembro unhas festas en honra de Saturno e ao remate das mesmas os nenos recibían agasallos dos maiores. En moitos lugares do mundo existen diferentes persoaxes que cumpren a misión de agasallar as nenas e nenos no Nadal. Os máis coñecidos para nós son Papá Noel e os Reis Magos. Pero en moitas zonas de España existen tradicións para as festas de Nadal.

- O Tió é unha tradición catalana moi antiga. Ten a súa orixe nas montañas, principalmente en pobos onde a maioría da xente vivía da gandería. O Tió é un tronco de árbore cuberto por unha manta que tras pícalo con paus deixa os agasallos, doces ou pequenos detalles. Cántase unha panxoliña e os pais e nais meten debaixo da manta os agasallos. Despois unha canción e os nenos e nenas levantan a manta e recollen os agasallos.

- O Olentzero é o carboneiro intelixente e bonachón do País Vasco e Navarra, con certa afección ó viño e á comida, que baixa no inverno das montañas para agasallar ós nenos e nenas.

- O Esteru é un leñador bonachón, forte, con boina, pipa e grandes barbas, sempre acompañado da facha, o bastón e o Burru. Durante todo o ano corta leña dos bosques pero no Nadal fabrica xoguetes que logo levará ós cativos de Cantabria e Asturias como agasallo.




➤ **As Anjanas** ou fadas do bosque cántabro, son fermosas, miúdas, bondadosas, viven en grutas que parecen palacios e tamén entregan agasallos ós nenos e nenas durante o Nadal e convive con Esteru.

Galicia: A nosa tradición

O Apalpador é un personaxe mítico galego que baixa polo Nadal a levarlles os agasallos ás nenas e nenos. Entra de noite nos seus cuartos cando están durmidos e apálpalles a barriguiña por ver se están mantidos e déixalles, ademais dos xoguetes, unha presa de castañas. Se as barrigas estaban cheas dice: “Así, así esteas todo o ano” e achégalles as castañas. No caso de que as barriguiñas estivesen baleiras, igualmente lles deixaba castañas pero sen cantarlles a canción. Esta tradición vén de tempos nos que había en Galicia moita fame; as familias ocupábanse de que esa noite, aínda que fosen pobres, os nenos e nenas ceasen ben para teren as barriguiñas ben cheas.

O vello Apalpador, ou **Pandegueiro** como se lle chama en partes do leste de Ourense, é un xigante, de oficio carboeiro, que usa boina, casaco esfarrapado e remendado, fuma en pipa, se alimenta de bagas e xabaríns. É una figura popular nas montañas do leste de Galicia (o Courel, Terra de Trives, el Bierzo).



Para tranquilizar ós rapaces, bulideiros pola inqueda da chegada do Apalpador, os pais e nais cantáballes:

Vaite logo, meu meniño (miña meniña)
marcha agora para a camiña
que vai vir o Apalpador
a apalparche a barriguiña

Xa chegou o día grande
día do noso Señor.
Xa chegou o día grande
e virá o Apalpador.

Mañá é día de cachela,
que haberá gran nevarada
e há vir o Apalpador
cunha mega de castañas.

Por aquela cemba
xa ven relumbrando
o señor Apalpador
para darvos o aguinaldo.



O APALPADOR



EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
CEIP CARLOS CASARES
CURSO 2010-2011